



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Técnica Seguimento Carreira Administrativa: Concursos mobilidade

Na reunión do día de hoxe íase tratar, en exclusiva, o sistema actual dos concursos de mobilidade xeográfica (recollido no Apartado 6, punto 1 do Acordo) , aínda que tamén insistimos en que hai moitos aspectos do Acordo de Carreira Administrativa que están pendentes de desenvolver.

En canto ao sistema de Mobilidade, os responsables de RRHH inciden en que os concursos teñen que responder as necesidades da Admón respetando asimesmo as perspectivas dos traballadores de poder moverse xeográficamente. Fan un "autobombo" de que nos últimos meses convocaron unha serie de concursos de mobilidade (Axentes Facenda, CTH e Vixilancia Aduaneira) pero o que non din ou admiten é as convocatorias dos concursos fixéronse con bastante retraso respecto ás previsións iniciais que se manexaban desde RRHH. Tamén fan o comentario de que a Admón fixo un estudo para valorar e debatir como foron ditos concursos observando certas "incidencias" a mellorar para o futuro, entre a que estaría a posibilidade de resolver as resultas que se produzan en cada concurso. Tamén hai un certo compromiso para manter a periodicidade na convocatoria dos concursos e para estudar unha oferta máis ampla de tramos a ofertar. Iso sí, a valoración da AEAT destes concursos é que a "cobertura de postos foi moi ampla" (???), sobre todo no CTH (Menos mal que non dixeron o de Axentes cando deberon quedar sin cubrir 11 plazas sobre setenta, mais ou menos...).

Desde a **CIG** denunciámos unha vez máis, que o sistema de concursos ten que cambiar, pois é evidente que é bastante millorable xa que:

- Só se ofertan os tramos máis baixos da Carreira Administrativa cando a mobilidades debe ser un dereito de todos os funcionarios da AEAT
- O sistema actual favorece a mobilidade a costa de perder retribucións, cando a Carreira Administrativa é un "dereito adquirido" e non se pode penalizar a un funcionario por cambiar de destino.
- É preocupante tamén o sistema de "inxeniería" que argallou a AEAT nos concursos, pois o sistema de puntuacións mínimas impide concursar a funcionarios con menos de dous anos de antigüidade e os funcionarios nos tramos máis altos non poden optar a todos os postos que salen a concurso.
- Deben existir concursos para todos os traballadores da AEAT, tamén para os Corpos Xerais (Auxiliares, Administrativos) e corpos de Informática.



**Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA**

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

- En canto á problemática especial dos postos de Galicia **DENUNCIAMOS** que estamos a ver cómo se amortizan postos, pois as vacantes non salen a concurso, circunstancia especialmente grave nas Administracións da nosa terra, o que supón un desmantelamento encuberto dos servizos públicos.
- Insistimos en que se debe buscar un sistema para convocar as resultas xa que estamos a ver que os postos en Galicia cúbrense por funcionarios xa destinados aquí polo que a mobilidade prodúcese unicamente dentro da propia Delegación Especial.

En canto resto dos aspectos do Acordo de Carreira Administrativa que están sen desenvolver, insistimos en que:

- Se debe tratar de inmediato a situación dos compañeiros que están a espera de ser reclasificados ao Tramo 6º así como a dos que ingresaron na AEAT despois do 14/11/2007, que seguen aínda no Tramo 0.
- A AEAT está aplicando de xeito erróneo o Acordo nalgúns casos de promoción interna, polo que pedimos a aplicación literal do Acordo, ubicando ao funcionario no tramo que lle corresponda en lugar de facer "tramos mixtos" tal e como está facendo a AEAT inventándose tramos de carreira inexistentes.
- O desenvolvemento da carreira vertical e a promoción ao subgrupo A1.
- As reclasificacións unha vez finalizado o período transitorio.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM